

## **EROSKI INICIA UNHA CAMPAÑA PARA RECADAR FONDOS PARA OS DAMNIFICADOS POLAS INUNDACIÓNS DE MALLORCA**

- **Apela á solidariedade dos seus clientes a través dunha doazón voluntaria ao seu paso pola liña de caixas e mais suma unha achega adicional á recadación**
- **Os fondos recadados irán destinados, a través das autoridades correspondentes da zona, ás familias afectadas pola inundación**

**Elorrio, 19 de outubro do 2018.-** [EROSKI](#) pon en marcha en todos os seus supermercados e hipermercados unha campaña para recadar fondos a prol dos damnificados polas inundacións de Mallorca. Nos seus establecementos os clientes poderán realizar unha doazón voluntaria para axudar a cubrir as necesidades básicas da poboación afectada desta illa balear.

O pasado 9 de outubro, unha forte inundación en Mallorca duns 220 litros por metro cadrado desbordou a capacidade dos torrentes e asolagou casas, estradas e campos. Os equipos de rescate están a traballar na localidade mallorquina de Sant Llorenç des Cardassar e nos seus arredores.

As tendas EROSKI exhiben desde esta semana carteis da campaña que apelan á solidariedade dos consumidores para que realicen unha doazón voluntaria ao seu paso pola liña de caixas. *"Unha vez máis, apelamos á solidariedade dos consumidores, que seguro que se implicarán para axudar a todos os que están a sufrir as consecuencias destas catastróficas inundacións. Desde EROSKI tratamos de responder con celeridade ante estes casos de emerxencia e ademais sumaremos unha achega adicional ao que recademos"*, declarou Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

Os fondos recadados canalizaranse a través das autoridades correspondentes da zona para se destinaren integramente ás familias afectadas polas terribles inundacións.

Dende as súas orixes, EROSKI desenvolve múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)